



Proxecto Educativo de Centro

CPR El Pilar (Maristas-Vigo)

1. IDENTIDADE

1.1. Comunidade Educativa

- 1.1.1. Colexio marista
- 1.1.2. Profesores
- 1.1.3. Persoal de administración e servizos.
- 1.1.4. Alumnos.
- 1.1.5. Pais e nais de alumnos.
- 1.1.6. Colaboradores.

1.2. Educación marista

- 1.2.1. Estilo educativo.
 - 1.2.1.1. Unha educación personalizada.
 - 1.2.1.2. Unha educación integral.
 - 1.2.1.3. Unha educación que atende os alumnos con dificultades.
 - 1.2.1.4. Unha educación innovadora e actualizada.
 - 1.2.1.5. Unha educación plurilingüe
 - 1.2.1.6. Unha educación para a espiritualidade.
 - 1.2.1.7. Unha educación para a conciliación familiar e laboral.
 - 1.2.1.8. Unha educación que esperte a conciencia do coidado do planeta e de quen o habita.
- 1.2.2. Características pedagóxicas propias.
 - 1.2.2.1. Pedagogía da presenza.
 - 1.2.2.2. Pedagogía do traballo, o sentido práctico e a constancia.
 - 1.2.2.3. Pedagogía da motivación.
 - 1.2.2.4. Unha pedagogía que se proxecta máis alá da aula.
 - 1.2.2.5. Pedagogía mariana.

1.3. Principios pedagóxicos sociais.

- 1.3.1. Un servizo á sociedade.
- 1.3.2. Nun ámbito concreto.
- 1.3.3. Para persoas inseridas no seu medio e comprometidas con el.
- 1.3.4. Atendendo á diversidade.

1.4. Clima escolar.

- 1.4.1. Sistema de relacións.
- 1.4.2. Forma de organizarse e participar.
- 1.4.3. Plan de convivencia.
- 1.4.4. Plan Provincial para a promoción dos Dereitos da Infancia.

2. Que pretendemos?

2.1. No ámbito pedagóxico

- 2.1.1. Tipo de persoa que promovemos.
- 2.1.2. Obxectivos educativos e de aprendizaxe.
- 2.1.3. Relacións profesor – alumno.
- 2.1.4. Relacións alumno – alumno.
- 2.1.5. Relacións profesor - profesor.
- 2.2. No ámbito institucional
 - 2.2.1. Funcións dos órganos de goberno.
 - 2.2.2. Relacións con asociacións.
 - 2.2.3. Relacións coa Administración.
 - 2.2.4. Relacións con outras institucións.
- 2.3. No ámbito administrativo. Procedementos de organización e sistema de xestión.
 - 2.3.1. Organización e xestión.
 - 2.3.2. Organización de recursos humanos.
 - 2.3.3. Organización de recursos materiais.
 - 2.3.4. Organización do tempo escolar
 - 2.3.4.1. Horario lectivo.
 - 2.3.4.2. Visitas dos pais e horarios de atención ás familias.
- 2.4. No ámbito humano e da convivencia.
 - 2.4.1. Regulación da convivencia.
 - 2.4.2. Principios que rexen a convivencia.
 - 2.4.3. Obxectivos xerais do Plan de convivencia.

3.Organización colexial.

- 3.1. Organigrama do Centro.
- 3.2. Órganos de goberno.
 - 3.2.1. Persoais.
 - 3.2.1.1. Director.
 - 3.2.1.2. Vicedirector.
 - 3.2.1.3. Xefe de Estudos.
 - 3.2.1.4. Coordinador do Equipo de Animación Local.
 - 3.2.1.5. Administrador.
 - 3.2.1.6. Secretario.
 - 3.2.2. Colexiados
 - 3.2.2.1. Equipo de Titularidade.
 - 3.2.2.2. Equipo Directivo.
 - 3.2.2.3. Claustro de Profesores.

- 3.2.2.4. Consello Escolar.
- 3.3. Coordinación pedagóxica e orientación.
 - 3.3.1. Órganos unipersoais de Coordinación Pedagóxica.
 - 3.3.1.1. Coordinador de Departamento didáctico.
 - 3.3.1.2. Coordinador de Ciclo.
 - 3.3.2. Órganos colexiados de Coordinación Pedagóxica.
 - 3.3.2.1. Comisión de Coordinación Pedagóxica.
 - 3.3.2.2. Equipos de Ciclo de Infantil e Primaria.
 - 3.3.2.3. Departamentos Didácticos de Secundaria.
 - 3.3.3. Órganos Unipersoais de Orientación.
 - 3.3.3.1. Coordinador do Equipo de Orientación.
 - 3.3.3.2. Titores.
 - 3.3.4. Órganos colexiados de Orientación.
 - 3.3.4.1. Equipo de Orientación.
- 3.4. Organización administrativa.
 - 3.4.1. Relacións laborais.
 - 3.4.1.1. Persoal de Administración e Servizos.
 - 3.4.1.2. Persoal docente.
 - 3.4.2. Relacións non laborais.
- 3.5. Organización económica.
 - 3.5.1. Administración.
 - 3.5.2. Fondos públicos.
 - 3.5.3. Orzamento e balance.
- 3.6. Organización de pais ou titores legais.
- 3.7. Organización de Alumnos.
 - 3.7.1. Xunta de delegados de alumnos.
 - 3.7.2. Dereitos e deberes dos alumnos.
- 3.8. Organización de antigos alumnos.

1. Identidade.

1.1. Comunidade Educativa.

1.1.1. Colexio marista.

O CPR *El Pilar* é un Centro privado concertado, de acordo ao dereito recoñecido pola Constitución Española (CE 27,6) e de acordo co disposto no artigo 121 da LOMCE.

O Colexio Marista *El Pilar* é un centro católico. O titular é o Instituto dos Irmáns Maristas do Ensino. O seu representante legal e máxima autoridade é o Irmán Provincial da Provincia Marista *Compostela*.

O Centro ten o número 36.011.257 no Rexistro de Centros. Imparte os niveis de Educación Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria. Os niveis de Infantil (3, 4 e 5 anos), Primaria e ESO están acollidos ao réxime de concertos con data 97/98.

1.1.2. Profesores.

Os Irmáns maristas e profesores segrares traballan xuntos e coordinados na misión educativa e docente conforme co Carácter Propio e co seu Regulamento de Réxime Interno. Desenvolven unha metodoloxía característica, propia da pedagogía marista e acorde coas programacións e orientacións dos órganos colexiados.

Os profesores gozarán do respecto e consideración á súa persoa e á función que desempeñan. Manterán tamén en todo momento unha actitude de respecto e trato correcto aos alumnos e demais membros da Comunidade Educativa.

Sempre centrados na educación dos seus alumnos, o claustro de profesores está inmerso nun programa de formación continua co obxectivo de ofertar unha educación actualizada e de calidade.

A relación laboral co Titular será sempre conforme coa lexislación vixente e de acordo coas condicións estipuladas no seu contrato laboral.

1.1.3. Persoal de administración e servizos.

Colabora para que as instalacións do centro se atopen en óptimas condicións para o desenvolvemento do labor educativo.

Atende as responsabilidades encamiñadas o bo funcionamento e a conservación das infraestruturas e servizos do centro, sempre en coherencia co noso ideario.

A relación laboral coa entidade titular será sempre conforme coa lexislación vixente e de acordo coas condicións estipuladas no seu contrato laboral.

1.1.4. Alumnos.

Os alumnos son os grandes protagonistas da nosa actividade. A súa educación e crecemento persoal en todas as dimensións do ser humano son a nosa razón de ser. Os alumnos participan da vida colexial con responsabilidade, compromiso e sentido de pertenza, con espírito de colaboración nas iniciativas propostas polo colexio. Nese senso o carácter e as ensinanzas do fundador constitúen os valores morais que queremos transmitirles e que sexan referentes na súa vida.

O seu órgano de participación e representación colexial é a Xunta de delegados (de 5º de primaria a 4º da ESO) e o Consello escolar do centro

1.1.5. Pais de alumnos.

Os pais de alumnos son parte fundamental e activa da nosa comunidade educativa. O seu principal órgano colexiado de participación e representación na vida escolar é a Asociación de Nais e Pais de Alumnos, asociación que se rexerá pola lexislación vixente, o Regulamento de Réxime Interno e os seus propios estatutos.

Os pais e nais dos alumnos tamén terán a súa representación entre os integrantes dos Consello escolar do centro.

Así mesmo as familias que forman parte da comunidade educativa do colexio comprométese á aceptación e respecto do noso ideario e carácter propio Marista.

1.1.6. Colaboradores.

A comunidade educativa do noso colexio conta coa figura de colaboradores en distintos ámbitos que axudan a dinamizar a vida da escola máis alá das aulas (animadores de grupos, monitores deportivos e de actividades culturais, monitores de actividades extraescolares, monitores de comedor, voluntarios do proxecto ASOMAR....)

1.2. Educación marista.

A existencia de múltiples concepcións do home e da vida, do mundo e da sociedade, provoca, evidentemente, unha diversidade de propostas educativas. A Constitución Española reconece esta pluralidade. Seméllanos necesario definir a nosa proposta dentro do respecto ás leis vixentes.

Os centros educativos teñen o dereito a establecer o tipo de educación que queren presentar á sociedade. Por iso, o noso centro fai público o modelo educativo que ofrece ao expoñer ás familias e á sociedade as liñas fundamentais da súa oferta educativa. Presentámola, pois, como unha opción netamente definida á vez que respectuosa con outras opcións posibles.

Trátase dunha proposta de Centro escolar católico, cunha vontade clara de ofrecela ás familias que o desexen unha educación cristiá para os seus fillos. Asumímolo como Comunidade Educativa, convencidos

de traballar ao servizo da sociedade e da Igrexa, da cultura e da realidade social do noso tempo. Con todo, o noso centro acolle e respecta a alumnos independentemente das súas crenzas ou prácticas relixiosas. Seguindo o espírito de Marcelino Champagnat, fundador dos Irmáns Maristas, o noso lema educativo é para educar ben a un neno hai que amalo.

1.2.1. Estilo educativo.

O noso Colexio ten como principio básico a educación integral. A tal efecto, prepara aos alumnos para adquirir por si mesmos aquelas ferramentas que lles faciliten á súa incorporación aos distintos niveis educativos, ao mundo laboral e á sociedade en xeral.

O Colexio marista preséntase como unha resposta concreta ás necesidades dos nenos e mozos cun estilo pedagóxico propio, inspirándose e actualizando a máxima do noso fundador: educar *bos cristiáns e honrados cidadáns*.

1.2.1.1. Unha educación personalizada.

Levamos a cabo unha educación personalizada, atendemos e acompañamos a cada alumno segundo as súas necesidades co obxectivo de crear un ambiente humano que favoreza a súa maduración individual. A través do estímulo, axudamos a medrar aos nosos alumnos sen esquecer as súas necesidades e o seu contorno.

Por iso, o noso colexio educa:

- Coñecendo a situación real de cada alumno e o seu contorno familiar e social.
- Descubrindo as súas necesidades específicas e posibilidades de medre e maduración.
- Elaborando programas de orientación que axuden a superar as dificultades de opción e rendemento e a despregar todas as súas capacidades. Coida, polo tanto, a intervención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional dos alumnos, tendo en conta os seus intereses e atendendo preferentemente aos que presentan maiores necesidades educativas.
- Valorando o interese polo traballo cooperativo e motivando o esforzo constante.
- Fomentando o traballo en equipo, a cooperación e a solidariedade.

A realización da tarefa educativa así entendida, implica un coñecemento profundo dos nosos alumnos e da súa realidade, por parte de titores e profesores implicados no seu proceso de aprendizaxe.

1.2.1.2. Unha educación integral.

A nosa educación é integral e integradora. Fomenta o desenvolvemento de todas as dimensións do alumno. Este traballo lévase a cabo fundamentalmente a través do Plan de Acción Titorial (PAT), elaborado polos equipos de titores en coordinación co Equipo de Animación Local do Centro e o Equipo de Orientación, revisado e actualizado anualmente. Para iso, propiciamos o desenvolvemento das seguintes dimensións:

- Aprender a ser persoa: Educación emocional, corporal, sexual, para a saúde, para a transcendencia, para o lecer e tempo libre, para a liberdade e o sentido crítico, para o coñecemento da Identidade Marista.
- Aprender a convivir: educar na adquisición das habilidades sociais, educar para a xustiza e a solidariedade, para a non violencia e a paz, educar para a igualdade de xénero, raza, orixe e estrato social; educar para o civismo, a participación e a democracia; educar na conciencia ecolóxica e respecto polo medio ambiente.
- Aprender a aprender: educar nas habilidades e destrezas básicas, nas habilidades instrumentais, nas habilidades cognitivas e nas técnicas de traballo intelectual.
- Aprender a decidir: educar no autocoñecemento, na toma responsable de decisións, na concepción da vida coma vocación e na orientación vocacional e profesional.

O Colexio atende a estas facultades básicas do educando a través do desenvolvemento do PAT e da acción da Comisión de Coordinación Pedagóxica Xeral.

1.2.1.3. Unha educación que atende aos alumnos con dificultades.

A preocupación por quen experimenta maiores dificultades tanto nos seus estudos como noutros ámbitos (persoal ou familiar, físico ou emocional, etc.) é unha característica peculiar do noso estilo educativo. Esta atención especial lévase a cabo a través da acción coordinada entre o Equipo de Orientación, os equipos de titores e profesores, e as familias.

O colexio conta cun proxecto propio, ASOMAR (Acción Solidaria Marista) a través do que se atende e coida aos alumnos con necesidades socioeconómicas e académicas. Para dar resposta a tales necesidades, ASOMAR conta cun fondo solidario propio e cun programa de clases solidarias fóra do horario escolar, atendido mediante voluntariado e un educador social.

No noso centro teñen a posibilidade de estudar alumnos coa modalidade de Educación Combinada, xa que contamos cun aula para atender necesidades educativas especiais. Esta modalidade favorece a integración dos alumnos xa que facilita o feito de ter tempos dentro da aula ordinaria, onde se lles acompaña se é preciso coa axuda dunha coidadora. Nestes tempos trabállase para que estes alumnos participen das mesmas actividades que o resto do grupo – clase, facilitando deste xeito a súa inclusión nela.

1.2.1.4. Unha educación innovadora e actualizada.

O noso colexio marista leva a cabo unha educación innovadora e actualizada, froito dunha constante preocupación e formación do claustro.

Isto supón:

- Adaptar a metodoloxía ás posibilidades reais e ás necesidades dos alumnos.
- Estimular a súa creatividade, tanto individualmente como en grupo.
- Conseguir que os nosos alumnos sexan os protagonistas do seu proceso de aprendizaxe.

- Avaliar os procesos de ensino e aprendizaxe e todos os elementos que incidan neles, a través de protocolos de calidade.
- Aplicar as innovacións didácticas e organizativas que melloren a calidade da educación.

Dentro desta liña de actualización, dende o ano 2022 na etapa da ESO, estableceuse como metodoloxía de traballo a incorporación do Chromebook na aula de forma individual, seguindo o modelo *one to one*. Deste xeito tratamos que os alumnos desenvolvan unha maior competencia dixital sen esquecer a importancia do uso do papel e bolígrafo.

1.2.1.5. Unha educación plurilingüe

Desenvolvemos unha educación enmarcada no coñecemento da lingua e a cultura propia da nosa comunidade autónoma. Intentamos que esta sexa valorada polos alumnos, realizando actividades que permitan o acceso a ela en todos os cursos: saídas para coñecer os restos dos nosos antepasados e da nosa cultura, festivais e celebracións de festas tradicionais como o magosto, o entroido, o Día das Letras Galegas...

Por outra banda tamén traballamos polo coñecemento da lingua e cultura inglesa. O proxecto plurilingüe abrangue os cursos de 1º, 2º, 3º e 4º de Primaria onde os alumnos utilizan o idioma inglés como lingua vehicular para o traballo en áreas como Ciencias Naturais e Ciencias Sociais. No resto de cursos de primaria ata a ESO, contamos con seccións bilingües, paso previo para o desenvolvemento do plurilingüismo. Contamos ademais cun auxiliar de conversa unha hora semanal nos cursos de 3º a 6º de Primaria así como 1º e 4º da ESO.

O obxectivo final da aprendizaxe é que os alumnos ao finalizar a súa etapa escolar no noso centro obteñan unha competencia e unha titulación en inglés que favoreza a súa aprendizaxe así como a súa proxección de cara ao futuro.

1.2.1.6. Unha educación para a espiritualidade.

Proporcionamos aos nosos alumnos experiencias que lles fagan caer na conta da Vida que hai no seu interior; desexamos proporcionarlles momentos de calma e silencio, para que poidan escoitar o seu interior e se deleiten co que alí atopan; soñamos con alumnos emocionalmente intelixentes que sexan conscientes do que senten e aprendan a ser empáticos.

Somos conscientes de que educar a un neno non consiste en encher a súa mente de información; nin tampouco en tratar de modelalo dende o exterior, a partires de expectativas alleas a el. Establecemos, pois, coma obxectivo proporcionar aos nosos alumnos os medios axeitados e favorables para que poida saír á luz o mellor que levan dentro.

Partindo da proposta provincial, recollida no *Marco de Espiritualidade Gier*, no noso colexio apostamos polo desenvolvemento da Espiritualidade. Para iso traballaremos con toda a Comunidade Educativa a través de tres ámbitos de actuación:



Colexio El Pilar · Vigo

- Alumnos: traballando a espiritualidade dende as sesións de titoría e as materias curriculares.
- Educadores: facendo presente a espiritualidade nos claustros e contribuíndo á formación dos profesores neste ámbito.
- Familias explicando e tratando de xerar experiencias que poidan facilitar a comprensión e a continuidade do feito na casa.

Dende estes tres ámbitos de actuación intentaremos acadar os seguintes obxectivos:

- A. Promover que os nenos e mozos do noso colexio desenvolvan as súas capacidades en plenitude e que crezan integralmente como persoas.
- B. Crear ambientes escolares e extraescolares que favorezan o crecemento do ser, o desenvolvemento pleno da persoa e a maduración de todas as dimensións.
- C. Axudar ao desenvolvemento de capacidades e habilidades para a conexión co mundo interior: escoita, silencio, contemplación, presenza, consciencia, oración...
- D. Ofrecer medios, estruturas e recursos para cultivar a dimensión espiritual, garantindo a procesualidade.
- E. Propor diversas referencias e referentes para este proceso de crecemento en espiritualidade, e na persoa de Cristo e da súa experiencia como camiño.
- F. Propor a apertura a un mesmo, aos demais, ao mundo e á transcendencia, para axudar a vivir con sentido-vocación.
- G. Posibilitar a adquisición dunha cultura relixiosa básica, e ofrecer instrumentos de lectura, expresión e celebración das experiencias humanas e relixiosas.
- H. Ofrecer procesos coherentes de iniciación e crecemento cristiáns, así coma unha adecuada pedagogía da oración.
- I. Cultivar a espiritualidade marista, cos nosos trazos propios de familia e sinxeleza, e a referencia a María e Marcelino Champagnat.

1.2.1.7. Unha educación para a conciliación familiar e laboral.

Atendendo ás necesidades que se derivan dos horarios laborais das familias, o noso centro presenta a todos aqueles pais que o desexen as seguintes propostas:

- Servizo de madrugadores.
- Servizo de comedor, cunha hora gratuíta de estudo.
- Actividades extraescolares en horario de mañá e tarde.
- Ampla oferta deportiva.
- Servizo de biblioteca en horario extraescolar.
- Amplo horario de apertura do centro para atención das familias.

Todas elas teñen como obxectivo favorecer a conciliación familiar e laboral e atender ás necesidades dos alumnos, integrando estes servizos no noso proxecto educativo de centro.

1.2.1.8 Unha educación que esperte a conciencia do coidado do planeta e de quen o habita.

Tanto dende o ámbito da solidariedade como dende o ámbito ecolóxico, traballamos cos nenos para transmitir a importancia do “coidado da Casa Común” (Papa Francisco, encíclica Laudato Si, ano 2015).

Para desenvolver a conciencia dos nenos e nenas neste coidado ao longo do curso lévanse a cabo distintas accións:

- Recollida de roupa e calzado para darlle unha segunda vida.
- Reciclahe de envases e papel, contando con recolectores repartidos polo centro para tal uso.
- Recollida de toners, pilas, teléfonos móbiles para levar ao punto limpo ou ben para participar das accións propostas por asociacións como a de James Goodall.
- Participación no movemento “Teachers for Future” coa iniciativa Residuo Cero.

Todas estas accións están acompañadas dun proceso de sensibilización realizado nas titorías dentro do Plan de Acción Tutorial de centro.

Tamén de forma curricular, pretendemos guiar a reflexión dos alumnos sobre o coidado do contorno e dos demais, desenvolvendo proxectos sobre hábitos de vida saudable, mellora do medioambiente así como de axuda e colaboración cos máis necesitados.

Todo isto sitúase dentro do plan Marco Eco2Social da Provincia Marista de Compostela.

1.2.2. Características pedagóxicas propias.

O noso Colexio ofrece unha forma de afrontar as tarefas educativas con aspectos propios: a pedagogía da presenza, a pedagogía do sentido práctico e da constancia, a pedagogía da motivación e do seguimento, tanto dentro coma fóra da aula.

1.2.2.1. Pedagogía da presenza.

O noso Centro opta por priorizar a presenza do educador entre os seus alumnos, tanto dentro coma fóra da aula.

Isto esixe do educador marista:

- Ofrecer o seu acompañamento e axuda nos procesos de maduración de cada alumno.
- Estar sempre próximo ao alumno e atento ás súas necesidades.
- Mostrar coherencia entre o ser, o dicir e o facer.
- Traballar cun espírito de dispoñibilidade para dar resposta ás necesidades dos alumnos.

1.2.2.2. Pedagogía do traballo, o sentido práctico e da constancia.

A nosa pedagogía escolar fundaméntase nos seguintes aspectos:

- Unha pedagogía do esforzo e da perseveranza, que esixe unha dedicación especial aos alumnos con máis dificultades.
- Unha pedagogía baseada no progreso do alumno e na avaliación continua.
- Unha pedagogía que pretende a adquisición de hábitos de traballo.
- Unha pedagogía que prepara as persoas para enfrontarse e resolver as dificultades da vida.

1.2.2.3. Pedagogía da motivación.

Conforme ás actuais liñas de innovación metodolóxica o noso centro opta por converter ao alumno no protagonista da súa propia aprendizaxe favorecendo en todo momento a súa motivación e implicación no proceso e adaptándonos ás súas necesidades e intereses.

1.2.2.4. Unha pedagogía fundamentada na solidariedade.

Desde o noso centro, promovemos que os nosos alumnos sexan capaces de empatizar coas realidades que se viven noutros países, especialmente, coas que viven os nenos e nenas de países máis desfavorecidos. Pero tamén intentamos que sexan persoas agradecidas co que teñen (escola, alimentos, recursos económicos,...) descubrindo que non todos contamos cos mesmos recursos, e por isto nos corresponde axudar aos máis desfavorecidos.

Dende estas perspectivas, ao longo do curso, propoñemos campañas de solidariedade, nas que os alumnos participan activamente. Os maiores do colexio (alumnos da ESO), correspóndelles animar e motivar estas campañas entre os seus compañeiros e cos máis pequenos (Infantil e Primaria). Desenvolven actuacións de recollida de roupa ou alimentos, segundo a época do ano. Tamén a “Semana da Solidariedade”, onde dende a implicación das distintas áreas coñecemos outras realidades para despois colaborar con elas a través da participación no bocadillo solidario. Ademais o movemento xuvenil MARCHA encárgase da recollida e selección de xoguetes na época do Nadal.

Todas estas actuacións tamén repercuten nas familias, que poden participar máis activamente en iniciativas como os talleres artesanais, nos que se crean produtos que serán vendidos nun mercadillo solidario.

Estas actividades sempre están ligadas a asociacións, dende a ONG SED, a Cáritas ou o Banco de Alimentos. Con elas tratamos de achegar o noso gran de area, pero fundamentalmente o que pretendemos é que os alumnos sexan coñecedores da realidade e do que eles poden achegar para melloralas.

Neste senso, estamos a dinamizar tamén os Proxectos de Aprendizaxe e Servizo, como unha ferramenta máis que dende o desenvolvemento dos contidos pedagóxicos, favoreza que os nosos alumnos crezan en competencias que lles permitan estar máis próximos aos demais e as súas necesidades.

1.2.2.5. Unha pedagogía que se proxecta máis alá da aula.

Unha educación integral é a nosa idea de Comunidade Educativa, o que require proxectar a acción educativa máis alá da aula e do horario lectivo, a través doutras actividades que abren a escola á vida e ao contorno.

Para iso:

- Organizamos actividades escolares e extraescolares que favorezan a educación no tempo libre.
- Promovemos o asociacionismo en grupos xuvenís de lecer e tempo libre (MARCHA), e de voluntariado social (PROXECTO ASOMAR).
- Ofrecemos unha resposta ás inquiredanzas relixiosas, pastorais e sociais, por medio de grupos de catequese e convivencias.
- Optamos e comprometémonos con valores evanxélicos que sirvan para transformar a nosa vida e a nosa sociedade.
- Fomentamos hábitos de comportamento democrático.

1.2.2.6. Pedagogía mariana.

O noso fundador, Marcelino Champagnat, tiña a María como modelo a seguir polos Irmáns Maristas. Do mesmo xeito, a nosa Boa Nai, está presente na vida colexial e deixa a súa pegada na nosa pedagogía:

- A través da sinxeleza, o gusto polo traballo, trato afable e cercano e a vida en familia.
- A través do acompañamento no proceso de maduración desde a delicadeza, o afecto e a discreción.
- A través da transmisión dos valores marianos presentes no noso PAT.

1.3. Principios pedagóxicos sociais.

1.3.1. Un servizo á sociedade.

Ofrecemos unha opción educativa que a nosa realidade social reclama, de acordo coas liberdades fundamentais dos cidadáns, constitucionalmente recoñecidas. Así, aínda que se trate dun colexio concertado católico, acollemos e respectamos alumnos de diversa procedencia e relixión e promovemos a súa participación activa na vida escolar do centro.

1.3.2. Nun ámbito concreto.

O noso Colexio está situado en pleno centro da cidade de Vigo. A proximidade ó centro urbano facilita o aproveitamento de recursos e da oferta cultural da cidade.

Nos últimos anos o crecemento da porcentaxe de alumnado escolarizado procedente do estranxeiro incrementouse notablemente. Esta realidade provoca a convivencia de diversas culturas e distintas realidades nos procesos de aprendizaxe, aspectos que estamos a ter moi en conta na nosa planificación.

Somos un colexio moi diverso na nosa realidade sociocultural e socioeconómica, o que confire unha valiosa riqueza a nosa vida escolar.

O noso colexio, dentro do contexto autonómico e local no que está inserido, comprométese a:

- Descubrir e dar a coñecer as características autonómicas entre os alumnos.
- Potenciar os sinais de identidade da nosa autonomía, nun clima de integración e apertura a todas as xentes e ás demais culturas, tendo especial coidado en fomentar a normalización lingüística.

- Facilitar ás familias chegadas doutros lugares os medios para se integrar no novo ambiente, sen renunciar á súa propia cultura.
- Programar para os alumnos os estudos máis adecuados e específicos do contorno, segundo as necesidades locais e as posibilidades do currículo académico.
- Ser corresponsables cos centros educativos próximos e colaborar con eles no proceso de mellora da calidade educativa.
- Traballar de forma directa e comprometida cos alumnos, familias ou sectores sociais que sofren marxinación ou teñen especiais dificultades ou deficiencias.

1.3.3. Para persoas inseridas no seu medio e comprometidas con el.

A persoa que propoñemos educar vive e se desenvolve na sociedade mediante múltiples e recíprocas relacións.

O colexio ten unha importancia relevante na iniciación do alumnado na vida social, por iso está comprometido na dimensión social da persoa e na continua e necesaria transformación da sociedade, na mellora dos niveis de liberdade, de igualdade, de xustiza e de paz.

O noso colexio quere ser un lugar privilexiado para a promoción integradora de todas as dimensións nas que o alumno ten que medrar, madurar e desenvolverse .

Respectando o pasado e facendo fronte ao futuro sen perder a nosa identidade, somos educadores cristiáns que queremos formar aos nosos alumnos para que sexan cidadáns activos e democráticos dentro dunha sociedade pluralista, para que sexan homes e mulleres con espírito de superación, con sentimentos universais e capaces de descubrir no Evanxeo o seu proxecto de vida.

1.3.4. Atendendo á diversidade.

A escola marista, desde os seus inicios, buscou defender o dereito da educación para todos. É mais, defendeu unha atención especial aos máis necesitados da sociedade.

Tratamos de dar unha axeitada resposta, a través da posta en marcha dos nosos mecanismos e recursos de atención á diversidade, ás realidades máis frecuentes coas que nos atopamos no desenvolvemento da nosa tarefa.

A atención aos alumnos con maior dificultade nace do convencemento de que todos debemos ter as mesmas posibilidades para desenvolver as nosas capacidades individuais. Esta crenza convértese en motor da acción pedagóxica dos educadores maristas.

Nunha sociedade diversificadora e complexa, o noso Colexio ofrece unha educación personalizada, a través

- da detección de dificultades de aprendizaxe, problemas de configuración de personalidade e/ou de maduración psico-afectivo-social do alumno.
- dos reforzos adecuados e as adaptacións curriculares.

- dunhas Xuntas de Avaliación que pretenden pór de manifesto dificultades individuais, ao tempo que buscan as medidas máis axeitadas para favorecer a problemática de cada alumno.
- dunha boa orientación escolar e familiar a través do Equipo de Orientación en coordinación cos titores e as CCPs.

1.4. Clima escolar.

1.4.1. Sistema de relacións.

A tarefa educativa require a achega coordinada de cantas persoas interveñen nela. En toda Comunidade Educativa hai unha confluencia de estamentos e persoas que, conscientes da complexidade da educación, suman os seus esforzos, participan, proxectan accións comúns, comparten responsabilidades... Ser Comunidade Educativa vai máis alá de ser un grupo organizado, sen máis, ou un equipo profesional. A Comunidade Educativa integra aos seus diversos grupos, cuxos membros comparten os seus obxectivos e ilusións.

Forman esta Comunidade Educativa: a Entidade Titular (Instituto dos Irmáns Maristas), os profesores, os alumnos, os pais ou titores legais, o persoal de administración e servizos e demais colaboradores (animadores de grupos cristiáns, monitores deportivos e de actividades culturais, antigos alumnos, etc.).

Os membros da Comunidade Educativa intentan:

- Compartir as súas respectivas capacidades educativas, aprendendo uns dos outros.
- Comprender e acompañar o diferente nivel de desenvolvemento de cada un.
- Participar da vida colexial cun sentido de pertenza.
- Compartir, na medida do posible, o testemuño e a vivencia da fe como membros da comunidade eclesial.

A estrutura organizativa establecida no colexio, presentada no Regulamento de Réxime Interno, promove este estilo de relación.

1.4.2. Forma de organizarse e participar.

O camiño da Comunidade Educativa para conseguir os seus obxectivos é a participación. Nela, os esforzos e ilusións de todos deberán converxer nun obxectivo prioritario: a educación integral dos alumnos.

Catro principios guían a organización e participación no Centro:

- Corresponsabilidade.
- Subsidiariedade.
- Representatividade.
- Globalización.



Colexio El Pilar · Vigo

A participación de todos os compoñentes queda estruturada no Regulamento de Réxime Interno, onde se definen os distintos órganos de goberno, xestión, coordinación e orientación, xunto coas súas funcións específicas.

O Instituto dos Irmáns Maristas, como entidade titular, constitúe unha garantía do servizo educativo no Colexio dentro dos principios propostos no Carácter Propio do Centro, o Proxecto Educativo e o Regulamento de Réxime Interno: promove a actividade educativa xeral e asume a última responsabilidade na mesma, dá cohesión aos membros da Comunidade, delega funcións, estimula o exercicio de diversas responsabilidades e fomenta un clima de liberdade e participación.

O alumno é suxeito responsable da súa formación e protagonista do seu propio crecemento. Isto implica asumir as súas responsabilidades, de acordo coas características da súa idade e un aproveitamento dos medios de maduración e participación que o colexio lle ofrece: expresión de intereses e inquietudes na relación ordinaria con titores e profesores, intercambio de puntos de vista sobre a realidade colexial e social, organización de grupos, asociacións, clubs e a participación en órganos colexiados como representantes dos demais alumnos. Os profesores, mais alá da transmisión de coñecementos, colaboran cos compañeiros de traballo, participan e asumen responsabilidades dentro dos diferentes equipos colexiais, interveñen na vida do centro realizando e avaliando o Proxecto Educativo, corresponsabilízanse da acción educativa global do centro mediante os órganos de goberno unipersoais ou colexiados correspondentes, educan en coherencia co Carácter Propio do Centro e aproveitan os recursos de formación permanente que pon o colexio ao seu alcance.

Os pais ou titores legais son os primeiros responsables da educación e asumen a identidade e o Carácter Propio do centro, a través do contrato educativo. A colaboración das familias amósase de formas diferentes:

- coñecemento da educación que o centro imparte.
- cooperación coa liña educativa colexial e procura dunhas relacións estreitas entre o colexio e a familia.

A vía común de participación é a Asociación de Pais de Alumnos, o Consello Escolar e a Escola de Pais.

O Persoal de Administración e Servizos constitúe unha parte importante da Comunidade Educativa. Todos eles, desde as respectivas responsabilidades, cooperan de maneira imprescindible para que a acción educativa sexa posible, favorable e eficaz. Realizan funcións moi diversas, relacionadas coa educación e necesarias para a boa marcha do centro.

Outros colaboradores, como poden ser os animadores de MARCHA, os monitores deportivos e de actividades extraescolares, os antigos alumnos, etc. complementan a acción educativa e contribúen á formación integral dos alumnos, desde os seus respectivos ámbitos de actuación.

1.4.3. Plan de convivencia.

O centro elabora un Plan de Convivencia que se inclúe na Programación Xeral Anual e que regula as normas e protocolos neste ámbito.

Os seus obxectivos xerais son:

- Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar nos centros educativos os valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención e detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente as de acoso e ciberacoso escolar, da violencia de xénero e actitudes e comportamentos xenófobos e/ou racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, comunicación e cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

1.4.4. Política institucional para a Promoción dos Dereitos da Infancia.

O noso centro concreta o Plan Provincial para a Promoción dos Dereitos da Infancia , adaptándoo ás características do noso colexio.

Este plan ten como obxectivo a construción dunha cultura de promoción e defensa dos dereitos da infancia, que reverta nun mellor aproveitamento dos recursos xa existentes así coma nunha detección máis precoz e efectiva daquelas necesidades que puidesen estar cubertas de maneira insuficiente. O plan contempla cinco ámbitos de actuación: nenos, familias, educadores, obra educativa e Provincia, dende os cales intentarase acadar os seguintes obxectivos:

No ámbito dos nenos e das familias:

- A. Promocionar o coñecemento dos Dereitos da Infancia.
- B. Tomar conciencia, cos comportamentos respectuosos e irrespectuosos entre os menores, da necesidade de promover a defensa dos Dereitos da Infancia para unha mellor convivencia.

- C. Favorecer que os menores se sintan responsables e protagonistas en determinados ámbitos educativos (assembleas, delegados, participación en tomas de decisión...).
- D. Promover a participación dos menores nos distintos organismos e actividades da súa cidade e do seu contorno.

No ámbito dos educadores:

- A. Promocionar o coñecemento dos Dereitos da Infancia.
- B. Tomar conciencia do tipo de relación que se establece cos nenos e nenas na nosa acción educativa, mantendo sempre unha exemplaridade acorde coa promoción e defensa dos Dereitos da Infancia.
- C. Proporcionar aos nenos e nenas do noso colexio un referente de axuda en caso de conflito.
- D. Coñecer o protocolo de actuación que os educadores deben seguir en caso de conflito cos Dereitos da Infancia.

No ámbito colexial:

- A. Promocionar o coñecemento dos Dereitos da Infancia.
- B. Proporcionar a toda a comunidade educativa un referente de axuda en caso de conflito.
- C. Velar para que a relación que se estableza cos nenos e nenas do noso centro manteña sempre unha exemplaridade acorde coa promoción dos Dereitos da Infancia.
- D. Arbitrar canles de participación dos nenos e nenas en distintos aspectos educativos, tendo a oportunidade de expresar as súas opinións e dándolles un maior protagonismo.

1.4.4.1. CONTIGO

CONTIGO é a política institucional para a protección da infancia. Entendida como un compromiso, non só da Institución Marista, seno tamén de todas as persoas vencelladas co noso centro educativo.

Este plan comprométenos a tomar todas as medidas necesarias para promover o benestar dos menores e protexelos de todo prexuízo. Para isto, traballamos unidos mediante redes de colaboración que melloran o acceso dos nenos á información que lles concerne nestes asuntos e para que tomen conciencia de que son suxeitos con dereitos.

Isto concrétese en:

- Política institucional de carácter provincial.
- Procedementos para previr calquera forma de maltrato a menores.
- Formación e sensibilización en favor da protección á infancia de toda a comunidade educativa.
- Contar cunha estrutura organizada para a resolución de posibles casos de maltrato ou abuso, que inclúe a colaboración de especialistas.
- Protocolos de actuación que serán activados ante calquera situación ou sospeita de maltrato a un menor.
- Apoio á menor vítima de maltrato.

- Asesoramento á familia no proceso de resolución da situación.

Os maristas, nados dunha experiencia de solidariedade en favor da infancia e a mocidade, nos sentímonos herdeiros da experiencia de Marcelino Champagnat polo que queremos ser defensores, valedores e promotores dos nenos e dos seus dereitos.

A nosa aposta educativa, pon ao neno e ao adolescente como centro, valor principal e protagonista da nosa tarefa e misión.

Por todo isto, a nosa política institucional, comeza coa frase "velamos pola seguridade dos nenos".

2. ¿Que pretendemos no colexio El Pilar?

2.1. No ámbito pedagóxico.

O obxectivo primeiro e fundamental da educación é o de proporcionar aos nosos alumnos, unha formación plena que lles permita conformar a súa propia e esencial identidade, así como construír unha visión da realidade que integre á vez o coñecemento e a valoración ética e moral da mesma. Tal formación irá dirixida ao desenvolvemento da súa capacidade para exercer, de maneira crítica e nunha sociedade plural, a liberdade, a tolerancia e a solidariedade.

Na educación transmitense e exercíntanse valores destinados a favorecer a convivencia democrática e o respecto mutuo, e pretenden preparar ós alumnos para a participación responsable nas distintas actividades e instancias sociais. A madurez das sociedades derívase, en moi boa medida, da súa capacidade para integrar, a partir da educación e co concurso da mesma, as dimensións individual e comunitaria.

Dende o noso colexio quérese dar resposta ás crecentes e cambiantes necesidades colectivas, baseándose, fundamentalmente, na formación e instrución dos alumnos, dende un modelo pedagóxico propio que pretende aunar o a atención ao ser (espiritualidade), a atención ao noso entorno (solidaridade) e o coñecemento.

O alumnado é o centro e a razón de ser da educación. A aprendizaxe na escola debe ir dirixida a formar persoas autónomas, críticas, con pensamento propio. Todos os alumnos e alumnas teñen un soño, todas as persoas novas teñen talento. As nosas persoas e os seus talentos son o máis valioso que temos como país.

LOMCE (Preámbulo I)

Segundo uns dos principios nos que se inspira o Sistema Educativo Español, no Colexio Marista El Pilar, buscamos a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación. Contéplase tamén como fin a cuxa consecución se orienta o Sistema Educativo Español a preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

LOMCE (Preámbulo XIV)

A escola marista é un lugar de aprendizaxe, de vida, de evanxelización. Como escola, pretende ensinar aos alumnos a aprender a coñecer, a facer, a vivir xuntos, a ser. Como escola católica, é un lugar de comunidade no cal se vive e transmite a fe, a esperanza e o amor, e no que os alumnos aprenden progresivamente a harmonizar fe, cultura e vida.

(Misión Educativa Marista, nº 126)

2.1.1. Tipo de persoa que promovemos.

A expresión de Marcelino Champagnat "formar bos cristiáns e honrados cidadáns" guía todo o proceso da educación marista.

Os trazos do tipo de persoa que o noso colexio promove para a sociedade do futuro son:

- Unha persoa protagonista da súa propia educación. Os demais axentes educativos son mediadores que a facilitan.
- Unha persoa integrada. Que atende de forma equilibrada ás múltiples dimensións -física, afectiva, social, intelectual, ética e transcendente- do seu ser.
- Unha persoa libre, crítica e creativa. Que adquira unha autonomía persoal fronte ás diversas formas de manipulación a través dos medios de comunicación, os criterios dos demais, os reclamos publicitarios, os intereses políticos.
- Unha persoa autocrítica e que aprenda a planificar o seu propio proxecto vital.
- Unha persoa comunitaria, participativa e responsable. Chamada á presenza renovadora da realidade colexial e social; compartindo a súa vida cos demais de forma cordial e alegre.
- Unha persoa solidaria e servicial. Preocupada polas persoas máis necesitadas, ás que, na medida das súas posibilidades, presta axuda e colaboración.
- Unha persoa do seu tempo. Que vive a historia, a cultura, os valores da sociedade actual cunha proxección de futuro e cun espírito aberto e universal.
- Unha persoa utópica. Que proxecta de forma imaxinativa e creativa a súa visión e tarefa cara a un mundo sempre capaz de mellorar.
- Unha persoa tolerante, respectuosa, amante da xustiza e da paz. Que sabe que existen diferenzas entre as aldeas e os individuos, e por iso acepta outras formas de pensar e actuar. Aposta polo pacifismo, o ecoloxismo e o reparto equitativo dos bens da terra.
- Dende o respecto a liberdade individual pero tamén desde o noso ideario como escola católica, o noso colexio promove unha persoa crente. Que cre na palabra de Xesús, que é libre na xenerosidade da súa fe e, desde ela, colabora na edificación dun mundo novo.

2.1.2. Obxectivos educativos e de aprendizaxe.

O Centro, de acordo co seu Carácter Propio, ten como obxectivo fundamental promover a educación integral dos seus alumnos segundo o estilo de Marcelino Champagnat:

- Educa de acordo cunha concepción cristiá do home, da vida e do mundo.
- Acompaña ao alumno no desenvolvemento de todos os seus valores e potencialidades.
- Favorece a síntese e a coherencia entre a fe e a cultura.
- Estimula a presenza anovadora na sociedade para conseguir que sexa máis humana e máis xusta.
- Está atento a todo o que redunde nun servizo de calidade, cunha presenza de coidado e agarimo, e tratando de xerar un ambiente de colaboración e apertura como bases dunha educación integral.
- Desenvolve os obxectivos propios de cada unha das etapas educativas impartidas no colexio e marcadas pola lexislación vixente.

Este modelo atópase explicitado no Carácter Propio, no Proxecto Curricular de Centro e nos Proxectos Curriculares das Etapas que se imparten no Colexio.

2.1.3. Relacións profesor – alumno.

Tratamos de coidar especialmente a relación profesor - alumno, como valioso instrumento educativo e de axuda ao crecemento global de cada un dos alumnos matriculados no noso centro.

Educamos baseándonos na presenza, acompañando os nosos alumnos o longo de todas as súas etapas educativas, favorecendo o coñecemento e a atención individual das súas necesidades e realidades persoais.

O educador establece cos nenos e mozos unha relación baseada na cercanía e a afectividade, que propicia un clima favorable á aprendizaxe, á educación en valores e á maduración persoal.

Tentamos que as relacións estean marcadas polo respecto mutuo e a acollida, a través da escoita e o diálogo.

Pedimos aos alumnos esta actitude respectuosa e aberta, e brindámoslles a nosa atención e vocación.

En concordancia coas directrices da institución marista (**Proxecto CONTIGO**), creamos un espazo de seguridade para o alumnado, onde sinta que todos os seus **dereitos** son respectados e propiciando respostas individuais na defensa de ditos dereitos.

2.1.4. Relacións alumno – alumno.

Entendemos que os procesos de ensino e aprendizaxe dependen en boa parte das relacións que se establecen entre todos os que interveñen neles. Por iso, favorecendo a participación de todos, enriquecemos as relacións educativas, e suscitamos nos alumnos actitudes de corresponsabilidade e confianza en si mesmos, e de cooperación na aprendizaxe.

Ademais de desenvolver coñecementos, aprendemos a traballar cooperativamente, e de forma interdisciplinar a través de proxectos. Nestes métodos de traballo e fundamental a boa comunicación, así como a aceptar responsabilidades, aprender a chegar a acordos a través do consenso. A aprendizaxe entre iguais, planificada e supervisada polo educador é, dende o noso punto de vista, unha ferramenta no proceso de ensino-aprendizaxe que estimula aos alumnos e os axuda a superarse .

2.1.5. Relacións profesor- profesor.

Enfocamos as relacións entre profesores coma unha mostra de respecto mutuo, de acollida, de espírito de familia e fraternidade.

Tratamos de non perder de vista na nosa relación de educadores os roles e funcións de cada un de nós, facéndonos conscientes do respecto que merecen e comprometéndonos a manter unha actitude construtiva e colaboradora facilitando as nosas tarefas cotiás.

Tratamos de coidar o traballo en equipo, a cultura de cooperación e o sentido de pertenza, valores que desexamos trasladar os nosos alumnos a través do noso exemplo. As relacións establecidas entre o profesorado fomenta o crecemento persoal e profesional, enriquecéndonos mutuamente.

2.2. No ámbito institucional.

2.2.1. Funcións dos órganos de goberno.

Os órganos de goberno e xestión desenvolverán as súas funcións promovendo os obxectivos do Carácter Propio e deste Proxecto Educativo.

As funcións dos órganos de goberno e xestión veñen recollidas no Manual de Funcións desenvolto pola Provincia Marista Compostela. Estes órganos son:

- Unipersoais (Director Titular, o Director Xeral, o Vicedirector, o Xefe de Estudos de Etapa, o Coordinador do Equipo de Animación Local, o Administrador e o Secretario).
- Colexiados (Equipo Directivo, Claustro de profesores, Consello Escolar, Comisións de Coordinación Pedagóxica).

2.2.2. Relacións con asociacións.

A participación dos distintos compoñentes da Comunidade Educativa reflíctese de diferentes maneiras e, sobre todo, a través das asociacións que animan a vida do colexio.

No noso Centro desenvolven as súas actividades as seguintes asociacións: Asociación de Pais de Alumnos e Asociación Marcha Galicia. A súa vez colaboramos con distintas ONG (SED, Banco de alimentos de Vigo,...). Tamén cooperamos con diversas Asociacións Deportivas e Culturais.

Coma colexio da rede católica participamos da asociación FERE.

Nos estatutos de todas elas destacan, entre as súas finalidades, as que se dirixen a complementar os obxectivos educativos do Colexio.

Mantemos un espírito aberto a colaborar con diferentes institucións e fundacións externas que permitan o desenvolvemento dos alumnos con necesidades socioeconómicas ou de apoio educativo, estudando o seu proxecto dende o equipo directivo. (Cáritas, Cruz Vermella, Fundación Integra, Aspanaex, Diversidades...)

2.2.3. Relacións coa Administración.

A mellora da calidade educativa esixe unha axeitada relación cos servizos da Administración educativa, especialmente cos de inspección, formación e asesoramento.

Desde o respecto e o diálogo, cada órgano público ou institución de iniciativa social ha de cumprir coas súas obrigas, dispostas na lexislación vixente.

De maneira integrada e interrelacionada, a Administración preocúpase da planificación educativa, a organización e formación, a execución e o control.

Os representantes dos centros, Directores e Equipos Directivos, temos unha concepción integral e global da nosa institución que ha de ser recollida e atendida pola Administración educativa.

Os cambios que se vaian producindo nos servizos de inspección educativa, coas súas novas funcións, contribuirán a que se produzan unhas actitudes abertas, de diálogo e negociación que favorezan o desenvolvemento positivo das mellores intencións educativas.

Para a atención dos alumnos que non poden asistir ao centro por motivos de saúde, solicitamos o servizo de atención domiciliaria que proporciona a administración.

Do mesmo xeito, cando é necesario, tramítase o protocolo de absentismo escolar.

2.2.4. Relacións con outras institucións.

Ademais das citadas, o noso centro atópase aberto ao contorno social (familias, barrio...), político (concello, asociacións...) e eclesial (parroquia, diocese...)

2.3. No ámbito administrativo. Procedementos de organización e sistema de xestión.

A organización dun centro escolar está en función da acción educativa. Por iso, o noso centro organízase procurando a adecuada interrelación entre os membros da Comunidade Educativa e o bo uso dos recursos persoais e materiais dispoñibles, no marco dos obxectivos institucionais.

2.3.1. Organización e xestión.

Os centros educativos son organizacións nas que é imprescindible unir actuacións, por ser un sistema articulado que interrelaciona persoas, institucións, estruturas sociais e políticas, etc.

O clima de relacións que logran crear cantos interveñen na acción educativa é un factor determinante da organización e o funcionamento dun centro.

A nosa organización favorece:

- Integrar as directrices procedentes da titularidade do colexio para todas as obras educativas da Provincia Marista Compostela.

- Unificar criterios para lograr unha maior coherencia funcional buscando a confluencia de intereses diversos.
- Coordinar a participación e a implicación de todos os compoñentes da Comunidade Educativa, especialmente dos profesores.
- Planificar a acción educativa, para evitar a improvisación e a rutina, e para reducir a incertidume, as actuacións contraditorias e os esforzos baldíos.
- Racionalizar o traballo docente e dos alumnos, potenciando as capacidades de cada un e favorecendo o medre persoal e profesional.
- Clarificar os obxectivos que a institución se formula e os medios de que dispón para os conseguir.
- Xerar motivación e incentivos para o traballo do profesorado.
- Cualificar aos membros da Comunidade Educativa para unha xestión máis eficaz do Centro.
- Organizar de forma axeitada os recursos persoais e materiais.
- Promover a avaliación formativa interna periódica da acción educativa do Centro así coma ferramentas de renovación e actualización da tarefa docente.
- Continuar traballando na configuración dun centro escolar con identidade propia.

2.3.2. Organización de recursos humanos.

A organización de recursos humanos atinxe aos alumnos, aos profesores, aos pais de alumnos, ao persoal de administración e servizos e aos demais colaboradores.

O noso colexio aposta por unha concepción participativa da educación que, a través da comunicación e da toma de decisións, tenta facer confluír os intereses de todos, en función dos obxectivos comúns.

No sistema educativo, os recursos humanos son o elemento fundamental que permite a mellora da súa calidade. Os recursos materiais poden contribuír a esta mellora, sempre que o seu uso se oriente dende os obxectivos decididos conxuntamente.

2.3.3. Organización de recursos materiais.

A organización de recursos materiais contempla a organización do tempo escolar, a organización dos espazos e os materiais curriculares.

a) Todos os espazos e instalacións que o Colexio Marista *o Pilar* presenta, teñen como finalidade última ofrecer un marco axeitado para o desenvolvemento das actividades educativas. Dende esta formulación, os espazos configúranse como unha realidade educativa en si mesma, de modo que os nenos e mozos, na súa interacción co espazo físico, están inmersos en diversos procesos de ensino-aprendizaxe.

b) As instalacións escolares tipifícanse en catro categorías:

1. Espazos docentes.
2. Espazos de servizos.
3. Espazos de circulación.

4. Espazos de recreo.

c) Como espazos docentes, o Centro conta coas correspondentes aulas, dous laboratorios (Ciencias e Física), dúas aulas de informática, un aula de Educación Especial, Aulas de apoio e desdobraemento, taller de tecnoloxía, salón, dúas aulas de psicomotricidade, aula de interioridade,, aula de música, un ximnasio e un pavillón. Os espazos de servizos son comedor, biblioteca, despachos administrativos, recepción, recibidores e salas de reunións, sala de profesores, sala de traballo, sala e aula de actividades extraescolares sala de plurilingüismo, sala de EAL e recintos con aseos e servizos hixiénico-sanitarios. Os corredores e escaleiras constitúen os espazos de circulación. Como espazos de recreo, o Centro dispón de pavillón, os patios e o xardín.

d) A utilización axeitada de cada un dos espazos será tarefa de toda a comunidade educativa. A responsabilidade inmediata do uso correcto e mantemento eficaz de cada espazo descansa en distintos educadores: O Profesor-Titor é responsable da súa aula e titoría; os Coordinadores de Departamento, do resto de espazos docentes de uso específico; o Administrador é o responsable inmediato dos espazos destinados a servizos (a excepción das titorías), circulación e recreo.

e) Cada ano, o Equipo Directivo consignará no orzamento anual as cantidades necesarias para o mantemento e mellora das instalacións.

f) O Colexio Marista *o Pilar* ten unha clara vocación de servizo á sociedade de Vigo. De aí que ofrezca as súas instalacións para levar a cabo cantas iniciativas educativas se presenten na cidade, sempre e cando non interfiran no ritmo educativo propio e contén coa debida autorización.

Non debemos esquecer as funcións dos materiais: motivadora, innovadora, estruturadora, orientadora, condicionadora e reguladora da aprendizaxe, ademais da súa función de apoio ós contidos e a súa función formativa vencellada ao mundo dos valores educativos que pretendemos desenvolver.

O Proxecto Educativo do Centro, a Programación Xeral de Centro de carácter anual (Plan Anual), o Regulamento de Réxime Interno, o Orzamento, a Memoria e o desenvolvemento do currículo (Proxecto Curricular de Centro) do noso colexio son instrumentos clave, os eixos que orientan a intervención educativa. Todos eles relaciónanse e complétanse mutuamente.

O equipo directivo de centro elabora o Plan de Investimentos e Compras preciso para renovarse e abastecer o colexio das necesidades impostas pola realidade do momento. Os plans do Equipo Directivo son de carácter trianual.

Cada equipo e comisión colexial elabora no seu Plan Anual de Actuación unha previsión de materiais e recursos para o curso, así coma unha estimación económica necesaria para acometelo. Ademais cada equipo e comisión cobre unha avaliación sobre os materiais didácticos e os libros de texto para conclusións sobre a súa eficacia, necesidade de substitución ou aumento de materiais.

Estas accións de planificación e avaliación contribúen á mellora da acción educativa do Centro.

Entendemos estes documentos como instrumentos sinxelos, realistas e prácticos para a organización e xestión, coherentes coas características do contorno escolar e do colexio.

2.3.4. Organización do tempo escolar.

2.3.4.1. Horario lectivo.

a) Meses de setembro e xuño: xornada continua:

INFANTIL:	Hora de entrada: 9:00	Hora de saída: 14:00
PRIMARIA:	Hora de entrada: 9:00	Hora de saída: 14:00
ESO:	Hora de entrada: 8:30	Hora de saída: 14:20

b) Meses de outubro a maio: xornada partida:

Infantil:	Pola mañá:	Hora de entrada: 9,00	Hora de saída: 12,30
	Pola tarde:	Hora de entrada: 14,45	Hora de saída: 16,30

Primaria:	Pola mañá:	Hora de entrada: 9,00	Hora de saída: 12,30
	Pola tarde:	Hora de entrada: 14,45	Hora de saída: 16,30

INFANTIL	PRIMARIA
9:00 - entrada	9:00 entrada
9:15 – acollida	9.00 - 9:15 acollida
9:15 – 10:05 1 ^a	9:15 - 10:05 1 ^a
10:05 – 10:55 2 ^a	10:05 – 10:55 2 ^a
11.55-11.25 RECREO	10.55-11.25 RECREO
11.25-12.25 3 ^a	11.25-12.25 3 ^a
14.45-15.35 4 ^a	14.45-15.35 4 ^a
15.35-16.30 5 ^a	15.35-16.30 5 ^a

ESO:	Pola mañá:	Hora de entrada: 8:30	Hora de saída (L): 13:30 (resto días) 14,20
-------------	------------	-----------------------	--

	Pola tarde:	Luns	Hora de entrada: 15:30	Hora de saída: 18,00
--	-------------	------	------------------------	----------------------

ESO: horario común ós catro cursos				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8.30-8,40 Titor	8.30- 8,40 Titor	8.30- 8,40 Titor	8.30- 8,40 Titor	8.30- 8,40 Titor
8,40-9,35 1ª	8,40-9,35 1ª	8,40-9,35 1ª	8,40-9,35 1ª	8,40-9,35 1ª
9,35-10,30 2ª	9,35-10,30 2ª	9,35-10,30 2ª	9,35-10,30 2ª	9,35-10,30 2ª
10.30-11.25 3ª	10.30-11.25 3ª	10.30-11.25 3ª	10.30-11.25 3ª	10.30-11.25 3ª
11.25-11.50 RECREEO	11.25-11.50 RECREEO	11.25-11.50 RECREEO	11.25-11.50 RECREEO	11.25-11.50 RECREEO
11,50-12,40 4ª	11,50-12,40 4ª	11,50-12,40 4ª	11,50-12,40 4ª	11,50-12,40 4ª
12.40-13.30 5ª	12.40-13.30 5ª	12.40-13.30 5ª	12.40-13.30 5ª	12.40-13.30 5ª
	13,30-14,20 6ª	13,30-14,20 6ª	13,30-14,20 6ª	13,30-14,20 6ª
15,30-16,20 6ª				
16.20,17,10 7ª				
17,10-18,00 8ª				

2.3.4.2. Visitas dos pais e horarios de atención ás familias.

Os titores e profesores reciben os pais, previa cita, tomando a iniciativa para as mesmas calquera das partes. Para solicitar cita, debe facerse a través da axenda colexial, da plataforma de comunicación dixital do centro, ou do Servizo de Portería (Orientación e Cargos Colexiais). En Infantil poderá facerse solicitando no diálogo habitual pais-mestres, mais non nos intres de deixar ou recoller aos cativos.

O horario de Portería é de 8:15 a 14:30 h e de 15:00 a 19:00 de luns a venres.

O horario de Secretaría e Administración:

- Luns, Martes e Xoves: **Mañá** de 8:30 a 14:00 e **Tarde** de 15:30 a 17:30
- Mércores e Venres: só de **Mañá** 8:30 a 14:00 e a Tarde permanecerá pechado ao público.

O patio abre ás 8:00 e pecha coa entrada dos alumnos de Infantil e Primaria, pola mañá. Volve abrir nos momentos de saída de alumnos. Pola tarde, abre ás 15:00 –estando un profesor de garda no portón- ata as 15:15, agás os luns que será ata as 15:30, e volve abrir ás 16:30 para a saída dos diversos niveis. O patio permanece aberto fóra do horario escolar polas tardes e durante as fins de semana para goce dos alumnos e familias e para as distintas actividades deportivas do CLUB MARISTAS, (futbito), CLUB NOVOBASQUET (baloncesto). A hora de peche varía en función das actividades deportivas.

2.4. No ámbito humano e da convivencia.

2.4.1. Regulación da convivencia.

A normativa colexial debe ser entendida e interpretada desde a finalidade propia do Centro: promover a formación integral dos alumnos segundo o estilo e o espírito da educación marista. É importante a existencia dun ambiente idóneo no que se poida conxugar a liberdade, o respecto mutuo e as condicións razoables para o desenvolvemento do proceso educativo.

As normas de convivencia non son alleas ao centro senón que foron elaboradas e adoptadas polo conxunto da Comunidade Educativa. Todos nos comprometemos no seu cumprimento, xa que favorecen a convivencia, o traballo escolar e a educación, e concretan as expresadas nos principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011, e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia.

Os pais ou titores legais, ao solicitar a admisión dos seus fillos no Colexio Marista *El Pilar* aceptan as condicións expresadas no Carácter Propio e decídense a colaborar cos profesores na aplicación do Proxecto Educativo do Centro.

2.4.2. Principios que rexen a convivencia.

Todos estamos comprometidos no seguimento dos seguintes principios de convivencia:

- Igualdade.
- Participación.
- Liberdade de conciencia e respecto das conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, e da intimidade en relación con esas crenzas e conviccións. O exercicio deste dereito garátese mediante a información previa e completa sobre o Carácter Propio do Centro, o respecto ás diferentes crenzas na formación relixiosa cristiá impartida no Centro, e un ensino baseado en criterios obxectivos e distanciados de toda manipulación.
- Integridade física e dignidade persoal.
- Non discriminación por razón de raza, sexo, condición social ou calquera outra circunstancia persoal.
- Liberdade de opción que se concreta na información e orientación académica e profesional e na presentación obxectiva e non partidista das diferentes áreas.
- Comportamentos que respondan ao modelo educativo da escola católica.
- Respetto ás persoas e aos bens mobles e inmobles.
- Coñecemento e aceptación entre os compoñentes da Comunidade Educativa.
- Acolida, especialmente dos alumnos e profesores novos.
- Interrelación positiva entre as persoas, para seguir un camiño común e en continuo perfeccionamento.

- Fomento das posibilidades físicas, intelectuais e afectivas, o sentido da liberdade, a xustiza, a solidariedade, a convivencia e a paz.
- Comunidade Educativa con sentido de fraternidade.
- Espírito creativo e de renovación.
- Honradez, sinxeleza, tolerancia e paciencia.
- Apoio, confianza e superación da mera relación laboral - profesional.
- Creación dun clima de diálogo e corresponsabilidade.

2.4.3. Obxectivos xerais do Plan de Convivencia.

O centro elabora un Plan de Convivencia que se inclúe na Programación Xeral Anual e que regula as normas e protocolos a este respecto.

- Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralas e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.
- Promover e desenvolver as accións correctoras que se deriven da resolución de expedientes ou outras medidas correctoras cara a mellorar a convivencia.

3. Organización colexial.

3.1. Organigrama do Centro.

O Centro configúrase como Comunidade Educativa integrada por Alumnos, Pais, Profesores, Titular e Persoal de Administración e Servizos, relacionados entre si e interesados na consecución dos obxectivos do Centro. Estamos convencidos de que a nosa misión educativa xira arredor do traballo en equipo, a participación e a calidade educativa baseada na mellora do sistema de relacións.

O noso centro está inmerso nun proceso de mellora continua, a través dun Plan Estratégico Trienal. A partir do análise das debilidades e oportunidades do colexio e do noso contorno, proxectamos accións de cara ao futuro co fin de seguir avanzando.

Os membros da Comunidade Educativa respectarán o Carácter Propio do Centro e o establecido no Regulamento de Réxime Interno.

É neste Regulamento de Réxime Interno, elaborado tendo en conta o marco normativo e o Decreto sobre os Dereitos e Deberes dos alumnos, onde se recolle a estrutura organizativa que regula o funcionamento do noso Colexio e favorece a participación dos seus membros.

Os órganos de goberno e xestión desenvolverán as súas funcións promovendo os obxectivos do Carácter Propio e do Proxecto Educativo do Centro, de conformidade coa legalidade vixente e segundo o establecido no RRI.

Comentado [1]: ¿engadir algo sobre a política institucional de Protección á Infancia?

3.2. Órganos de Goberno.

3.2.1. Persoais.

3.2.1.1. Director.

O Director é a persoa nomeada e cesada pola entidade titular para tutelar toda a actividade educativa e as funcións derivadas. Na ausencia do Equipo da Titularidade ostenta a representación da titularidade ante as instancias públicas e privadas.

O Director é nomeado por tres anos e o seu nomeamento pode ser renovado para posteriores trienios.

3.2.1.2. Vicedirector.

No centro existe un Vicedirector, membro do Equipo Directivo, nomeado polo Superior Provincial da Provincia Marista Compostela e o seu consello, a proposta do Consello de Misión.

Será función do Vicedirector substituír ó director nas súas funcións no caso de ausencia, cese ou suspensión, ata o nomeamento dun substituto por parte da entidade titular do centro.

3.2.1.3. Xefe de Estudos.

O Xefe de Estudos é a persoa nomeada para exercer por delegación do Director e baixo a súa autoridade, a coordinación da acción educativa dunha ou máis etapas educativas en todo o relativo ó réxime académico.

O seu nomeamento e cesamento é competencia da entidade titular. O Xefe de Estudos é nomeado por tres anos e o seu nomeamento pode ser renovado para posteriores trienios.

No noso centro contamos con dous Xefes de Estudos, un para etapa de Educación Infantil e Primaria e outro para a Etapa de Educación Secundaria.

3.2.1.4. Coordinador do Equipo de Animación Local.

O Coordinador do Equipo de Animación Local (EAL), é a persoa nomeada pola entidade titular, que reflexiona e coordina co seu equipo o plan de acción tutorial así coma a acción evanxelizadora do centro.

É nomeado por tres anos a proposta do Consello de Misión e o seu nomeamento pode ser renovado para posteriores trienios.

3.2.1.5. Administrador.

O Administrador é a persoa nomeada pola entidade titular a proposta do Consello de Misión para xestionar os recursos económicos e materiais postos a disposición do centro, en orde a cumprir as súas finalidades educativas. Neste senso, desenvolve as funcións de administrador, xestor e contable.

O seu nomeamento e cese son competencia da entidade titular mediante o seu consello provincial.

3.2.1.6. Secretario.

O Secretario é a persoa, en dependencia directa do Director, encargada de calquera tramitación académico-administrativa que afecte ao Centro.

O Secretario é nomeado polo Director, escoitado o parecer do Equipo Directivo, para o período dun ano académico e para levar a cabo as funcións que son da súa competencia.

Se o equipo directivo o considera axeitado propón ó Consello de Misión a contratación dunha persoa para o posto de auxiliar de secretaría. Esta persoa estaría a cargo da supervisión directa do Secretario do centro.

3.2.2. Colexiados.

3.2.2.1. Equipo de Titularidade.

É o órgano colexiado que asume por delegación do Irmán Provincial e o seu Consello, as funcións de titularidade das obras educativas da provincia Marista Compostela ante todas as instancias públicas e privadas.

Son membros do Equipo de Titularidade as persoas que formen parte do consello de Misión da Provincia Marista Compostela. O Consello de Misión asume a titularidade das obras educativas de forma colexiada.

O coordinador do Consello de Misión será o coordinador do Equipo de Titularidade.

A presenza do Equipo de Titularidade na obra educativa na súa totalidade ou algún dos seus membros, adecuarase a aquelas ocasións que sexa necesario para o exercicio das súas funcións.

3.2.2.2. Equipo Directivo

O Equipo Directivo é o órgano de reflexión e xestión, establecido para o exercicio colexiado das funcións que o director ten delegadas pola entidade titular, á vez que é o impulsor de toda acción evanxelizadora do centro. Entre as súas principais tarefas están a de animación e unificación da actividade colexial en todas as súas dimensións: evanxelizadora, académica, educativa, laboral e social.

O Equipo Directivo é nomeado pola entidade titular a proposta do Consello de Misión.

O Equipo Directivo está composto, ordinariamente, polo Director, os Xefes de Estudos e o coordinador do EAL. A maiores ata formar un número total de entre catro e sete membros, nomearanse a outros membros do claustro, previa aprobación do Consello de Misión.

3.2.2.3. Claustro de Profesores

O Claustro de Profesores é o órgano propio de participación destes no Centro. Ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, no seu caso, informar sobre todos os aspectos docentes da súa competencia. Estará integrado pola totalidade dos profesores e orientadores do Centro. Estará presidido polo director ou pola persoa en quen este delegue. O secretario do centro poderá realizar as funcións de secretario do claustro.

A entidade titular do centro poderá constituír seccións do claustro para tratar os temas específicos de cada nivel ou etapa. Nestas seccións do claustro participarán todos os profesores do nivel ou etapa correspondente e os orientadores.

Para o funcionamento do claustro ou das súas seccións, teranse en conta as especificacións que se sinalan na lexislación vixente e no Regulamento de Réxime Interno do centro.

3.2.2.4. Consello Escolar

O Consello Escolar do centro é o órgano de xestión e control de participación dos diferentes sectores da comunidade educativa no funcionamento do centro. A súa competencia esténdese á totalidade das ensinanzas concertadas impartidas no centro.

O Consello Escolar está constituído polo Director, tres representantes da entidade titular, catro representantes dos profesores, catro representantes dos pais ou titores legais dos alumnos, dous representantes de alumnos da ESO e un representante do persoal de administración e servizos.

A elección e nomeamento dos representantes dos profesores, dos pais, dos alumnos e do persoal de administración e servizos no Consello Escolar e a cobertura provisional de vacantes dos devanditos representantes, realizarase conforme ao procedemento que determine a entidade titular do centro con respecto ás normas reguladoras do réxime de concertos e demais normativas vixentes.

A Asociación de pais poderá designar un dos representantes dos pais no Consello escolar.

Con formato: Color de fuente: Automático

Os conselleiros electos anovaranse por metades cada dous anos. As vacantes que se produzan con anterioridade ou ó termo do prazo do mandato cubriranse tendo en conta, no seu caso, o previsto na lexislación vixente. Neste suposto, o substituto será polo restante tempo de mandato do substituído.

3.3. Coordinación pedagóxica e orientación.

3.3.1. Órganos unipersoais de coordinación pedagóxica.

3.3.1.1. Coordinador de Departamento didáctico.

É un educador que vela pola organización e o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe propio das áreas, materias ou módulos que teñan asignados os devanditos departamentos, así coma outras actividades encomendadas, dentro do ámbito das súas competencias.

É designado polo Director de acordo co Xefe de Estudos da etapa e a aprobación do Equipo Directivo para un curso académico. Será escollido entre os membros do devandito departamento.

3.3.1.2. Coordinador de ciclo.

É un educador das etapas de Educación infantil e Primaria que vela pola organización e desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe propio do ciclo, así como das actividades encomendadas dentro do ámbito das súas competencias.

É designado polo Director de acordo co Xefe de Estudos da etapa e a aprobación do Equipo Directivo para un curso académico. Será escollido entre os membros do devandito ciclo.

3.3.2. Órganos colexiados de coordinación pedagóxica.

3.3.2.1. Comisión de Coordinación Pedagóxica.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica é o órgano colexiado de coordinación que fai o seguemento da práctica docente, utilizando como canle fundamental a avaliación da posta en marcha do Proxecto Curricular. No centro existirá unha comisión de Coordinación Pedagóxica de Infantil e Primaria e unha comisión de Coordinación Pedagóxica de Secundaria e Orientación, ademais dunha Comisión de Coordinación Pedagóxica Xeral, constituída polos membros das dúas anteriores e o Director.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica de Infantil e Primaria estará composta polo Xefe de Estudos desas etapas, que coordinará a Comisión, os Coordinadores de Ciclo, un membro de Orientación, o Coordinador do Equipo de Bilingüismo e un membro do Equipo Animación Local.

A comisión de Coordinación Pedagóxica e de Orientación de Secundaria, estará composta polo Xefe de Estudos da etapa que coordinará a devandita comisión, os Coordinadores de Departamento, un membro de Orientación, o Coordinador do Equipo de Bilingüismo, o Coordinador do Equipo de Dinamización Lingüística e un membro do Equipo de Animación Local.

3.3.2.2. Equipos de Ciclo de Infantil e Primaria.

É o órgano colexiado de coordinación encargado de organizar e desenvolver baixo a supervisión do Xefe de Estudos e en conexión coa comisión de Coordinación Pedagóxica, os procesos de ensino-aprendizaxe propios do ciclo.

Os Equipos de Ciclo constitúense con todos os profesores implicados no proceso de ensinanza do ciclo correspondente.

3.3.2.3. Departamentos Didácticos de Secundaria.

Son os órganos colexiados de coordinación, que en Educación Secundaria, permiten a integración do profesorado no funcionamento do centro, encargándose de organizar e desenvolver os procesos de ensino-aprendizaxe propios das áreas ou materias correspondentes e as actividades que se lles encomenden dentro do ámbito das súas competencias.

Son un instrumento de participación do profesorado na organización docente, así coma un medio permanente de perfeccionamento pedagóxico e científico.

3.3.3. Órganos Unipersoais de Orientación.

3.3.3.1. Coordinador do Equipo de Orientación.

É a persoa designada para a articulación da acción educativa e psicopedagóxica que desenvolve o Equipo de Orientación.

É designado polo Equipo Directivo para un curso académico e será elixido de entre os membros do Equipo de Orientación. Actuará baixo a dependencia directa dos Xefes de Estudos e en estreita colaboración co Equipo Directivo e co Equipo de Animación Local.

3.3.3.2. Titores.

O titor é o principal acompañante do alumno, orientando o seu crecemento en múltiples dimensións: afectiva, espiritual, de aprender a aprender...

O titor dun grupo de alumnos é o educador que coordina o desenvolvemento das capacidades, a adquisición de competencias e o crecemento en valores de cada un deles e das súas relacións. Cada alumno terá asignado un titor designado polo Equipo Directivo, de entre o profesorado que lle imparte docencia.

No caso de que o grupo aula teña máis dun titor, o Equipo Directivo designará un coordinador de titores grupo-aula.

O Xefe de Estudos encargarse da coordinación dos distintos titores das etapas e da súa competencia, mantendo con eles as reunións periódicas necesarias.

3.3.4. Órganos colexiados de Orientación.

3.3.4.1. Equipo de Orientación.

O Equipo de Orientación é un órgano especializado que constitúe o soporte técnico da planificación e o desenvolvemento da orientación. Apoia o labor do centro docente e do conxunto do profesorado en todas aquelas accións encamiñadas a asegurar a formación integral do alumnado.

O equipo está formado como mínimo, por un graduado ou titulado superior en Psicoloxía, Pedagogía ou Psicopedagogía, e por especialistas, mestres ou graduados en Pedagogía Terapéutica e en Audición e Linguaxe, e outros mestres que, por designación do Equipo Directivo, poidan contribuír á orientación desde a súa especialidade, coñecementos ou experiencia profesional.

Traballa en permanente coordinación cos Xefes de Estudos, co Director e co Equipo de Animación Local, achegando a súa intervención, ademais, nos órganos colexiais nos que se prescribe a súa representación.

Este Equipo ten coma finalidade asesorar e intervir con todos os membros da comunidade educativa, no desenvolvemento das accións de carácter orientador e prestar especial atención á diversidade do alumnado para o que participa na planificación e o desenvolvemento de actuacións coma o apoio, o reforzo, os procesos de ensino- aprendizaxe, á orientación académica e profesional e á acción tutorial.

O resto dos equipos de estrutura organizativa docente aparecen recollidos no ROF.

3.4. Organización administrativa.

3.4.1. Relacións laborais.

As relacións laborais entre o Titular e o persoal contratado rexeranse pola súa normativa específica. Do mesmo xeito, rexerase pola súa normativa específica a representación dos traballadores na empresa.

Aos relixiosos membros do Instituto dos Irmáns Maristas que empresten os seus servizos no colexio como profesores, seralles de aplicación o sinalado na Disposición Adicional Cuarta do Regulamento das Normas Básicas sobre Concertos Educativos, sen prexuízo do seu estatuto específico amparado pola Constitución, os acordos entre o Estado Español e a Santa Sede e na Lei Orgánica de Liberdade Relixiosa.

3.4.1.1. Persoal de Administración e Servizos.

Colabora para que as instalacións do centro se atopen en condicións óptimas para o desenvolvemento do labor educativo.

Atende responsabilidades encamiñadas ó bo funcionamento e á conservación das infraestruturas e servizos do centro, sempre en coherencia co ideario do centro. É contratado, nomeado ou cesado pola Entidade Titular do centro.

Depende do Administrador e da dirección do centro. Como empresas alleas ao persoal do centro traballan aquí: ARUME (servizo de comedor), LACERA (servizo de limpeza) e EXODEGA (actividades extraescolares).

3.4.1.2. Persoal docente.

Son os educadores, coa titulación axeitada, autorizados pola Administración Educativa, para exercer o ensino que se lles encomendou, dende a competencia axeitada, a docencia da súa ou súas áreas no centro.

A súa incorporación ó Claustro Docente do centro, leva implícita a fidelidade ó Proxecto Educativo do centro e o seu Proxecto Curricular.

3.4.2. Relacións non laborais.

No noso Centro colaboran persoas e grupos cos que non nos unen vencellos laborais. A súa acción se enmarca no ámbito do voluntariado (Proxecto ASOMAR).

Desenvolven unha importante tarefa educativa complementaria nos campos cultural, relixioso, deportivo, de aire libre, etc., sempre en consonancia cos obxectivos educativos do Centro e baixo a supervisión do Titular.

3.5. Organización económica.

Sendo o principal e primeiro obxectivo do noso Centro a evanxelización a través da educación, formulamos toda a nosa actividade baseándonos nun carácter non lucrativo. Desde este criterio, organizamos o noso funcionamento económico da seguinte maneira:

3.5.1. Administración.

A xestión económica do centro é coordinada polo Administrador, baixo a supervisión do Director Xeral e do Equipo Directivo. Esta é a única tarefa do centro que se desenvolve tendo como referente o ano natural e non o curso académico.

A administración xestiona os recursos postos a disposición do centro para cumprir coas súas finalidades educativas.

O Equipo Económico Local en colaboración co Equipo Directivo desenvolve os Plans de Investimento do Colexio, así como elabora os orzamentos do ano seguinte. Una vez estudados e analizados os investimentos, orzamentos, cotas e achega voluntaria, toda a documentación se envía ao Equipo Económico Provincial, e este a partir da súa análise dá resposta ás propostas realizadas.

3.5.2. Fondos públicos.

Respecto aos fondos públicos recibidos da Administración Educativa, o colexio fai uso dos mesmos de acordo á lexislación vixente e aos fins educativos e de mantemento para os que lle son concedidos.

Respondemos do uso destes fondos nos prazos, formas e cos requisitos esixidos pola lei, presentando os orzamentos e balances ao Consello Escolar do Centro para o seu estudo e aprobación.

En canto aos Servizos Complementarios e Actividades Extraescolares que o noso centro ofrece como continuación de todo o seu labor educativo regulado, o colexio mantén o mesmo criterio xeral de non lucratividade e axústase ao cumprimento da lexislación no referente a solicitudes.

Con todo iso, buscamos sempre prestar un mellor servizo aos alumnos e familias do centro, mantendo a calidade e a clara orientación educativa de todas as actividades e servizos.

3.5.3. Orzamento e balance.

Os orzamentos anuais do centro realizaos o Equipo Directivo e o Administrador (Equipo Económico Local), que os presentan ao Titular para a súa aprobación.

Os orzamentos e balances dos niveis concertados seguen o procedemento legal establecido, coa correspondente aprobación a través do Consello Escolar, como se sinalou anteriormente.

3.6. Organización de pais ou titores legais.

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos é un órgano colexiado de participación destes na vida escolar do centro. O seu funcionamento réxese pola lexislación vixente, o Regulamento de Réxime Interno e os seus propios estatutos.

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos constitúese coa finalidade de:

- a- Promover os dereitos de pais e nais de alumnos.
- b- Colaborar no cumprimento dos seus deberes.
- c- Contribuír na consecución dos obxectivos do centro, plasmado no carácter propio e no Proxecto Educativo de Centro

3.7. Organización de alumnos.

3.7.1 Xunta de Delegados de alumnos.

É un órgano colexiado de participación dos alumnos na vida escolar do centro. Está constituída polo conxunto de delegados de cada un dos grupos aulas, dende 5º de Primaria a 4º da ESO.

Os alumnos intervirán na vida do Centro, sobre todo, a través do propio traballo escolar e a participación activa no funcionamento ordinario do propio grupo-clase.

Tamén teñen presenza no Consello Escolar, onde dous alumnos da ESO representan os intereses do resto, sendo asimesmo os voceiros das decisións e traballos do Consello entre os compañeiros.

3.7.2. Dereitos e deberes dos alumnos.

O Titular dará a información adecuada ás familias interesadas para que coñezan en grao suficiente o Carácter Propio do Centro; deste modo, o feito de solicitar praza para os seus fillos será expresión do seu desexo de que estes reciban formación relixiosa cristiá.

Cando o Centro non poida atender a todos os alumnos que soliciten praza, no proceso de admisión se respectarán os criterios de prioridade establecidos na lexislación vixente.

Os dereitos e deberes dos alumnos do noso Centro regúlanse segundo o establecido na lexislación vixente, e recóllense no RRI propio das Obras Educativas da Provincia Marista de Compostela.

3.8. Organización de antigos alumnos.

O interese do Centro polo desenvolvemento do alumno non conclúe co ciclo escolar. Os desexos de mutuo apoio canalízanse a través de actividades, programas e asociacións diversas, entre as que destaca a Asociación de Antigos Alumnos.

Esta Asociación contará co seu estatuto propio e convídase a inscribirse nela aos alumnos que realizaron estudos no Centro. Corresponde ao Director Xeral co Equipo Directivo a planificación de propostas de colaboración.



Curso de entrada en vigor do documento: 2011-2012

Curso da primeira revisión e actualización: 2014-2015

Curso da segunda revisión e actualización: 2017-2018

Actualización: Novembro 2018

Próxima revisión e actualización curso: 2020-2021

Actualizado: Marzo 2022

Próxima actualización: curso 2024-2025